

| | |
|---|-----------------------------------|
| Rama de coñecemento | Científica |
| Prazas ofertadas | 3 |
| Créditos ECTS totais | 120 |
| Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado | 30 |
| Presencialidade | Presencial |
| Universidades participantes | Universidade de Vigo e trece máis |

Descrición

O Máster interuniversitario en química teórica e modelización computacional pretende outorgarlle ao estudiantado unha formación avanzada, de carácter especializado e multidisciplinario, orientada a promover a iniciación en tarefas investigadoras que supla a demanda crecente de persoal experto non soamente do mundo da academia, senón tamén da industria.

Perfil de ingreso recomendado

Recoméndase que o estudiantado que acceda ao mestrado, idealmente, cursara e por tanto adquirira as capacidades, destrezas e coñecementos que outorga o Grao en Química ou Física. Quen opte ao mestrado e non teña os graos anteriores pero estea en posesión dun grao científico que o provexa dun coñecemento adecuado para seguir o programa, pódese admitir coa supervisión da persoa titora.

Saídas profesionais

Postos de traballo e ocupacións nas que exista a necesidade de persoal capaz de tratar tarefas que supoñan un coñecemento profundo das ferramentas e dos medios informáticos para o seu uso na resolución de problemas e proxectos relacionados coa química, tales como xeración de novos fármacos, sínteses de novos materiais ou coñecemento da actividade encimática.

Máis información

| | |
|------------------------|---|
| Coordinador | José M. Hermida Ramón |
| Páxina web do mestrado | http://pop_qtymc.webs.uvigo.es/ https://tccm.qui.uam.es/?page_id=1314 |
| Páxina web do centro | http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_quimica.html |
| Código RUCT | 4314273 |
| Enlace ao RUCT | https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4314273&actual=estudios |
| Teléfono | 986 812 298 |
| Enderezo electrónico | jose_hermida@uvigo.es |